CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS

**A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita** relativas a **la necesidad de desarrollar el procedimiento previsto en la Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI, para facilitar el ejercicio de los derechos de las personas trans migrantes**.

El artículo 50 de la Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI, que regula la «Adaptación de los documentos expedidos a personas extranjeras», establece en su punto 1 que «las personas extranjeras que acrediten la imposibilidad legal o de llevar a efecto la rectificación registral relativa al sexo, y en su caso, al nombre en su país de origen, ... podrán interesar la rectificación de la mención del sexo y el cambio de nombre en los documentos que se les expidan, ante la autoridad competente...», y señala en su punto 2 que «las administraciones públicas, en el ámbito de sus respectivas competencias, habrán de habilitar procedimientos para la adaptación de los documentos expedidos a las personas extranjeras que se encuentren en situación administrativa regular en el Estado español...».

Además, el punto 1 recoge que «la autoridad competente instará al Ministerio de Asuntos Exteriores, UE y Cooperación a que reúna la información disponible en la representación exterior que corresponda sobre si en el país de origen existen impedimentos legales o de hecho para llevar a cabo la citada rectificación registral».

Sin embargo, el Gobierno aún no ha desarrollado este procedimiento previsto en la Ley

Trans, a pesar de que la ley, aprobada en marzo de 2023, estableció en la Disposición Final Decimonovena un plazo de un año para que el Ejecutivo «habilite reglamentariamente» el procedimiento del artículo 50.2. Esta falta de desarrollo reglamentario del procedimiento está limitando y repercutiendo negativamente en las personas trans migrantes.

Así, las distintas organizaciones y colectivos en defensa de los derechos de las personas trans llevan tiempo demandando al Gobierno que garantice el derecho al cambio de registro de género de las personas migrantes, incluso al margen de su situación administrativa, ya que gran parte de las personas trans migrantes se encuentran con múltiples problemas burocráticos y obstáculos por la falta de procedimientos claros.

Hay personas residentes en el Estado español a las que se les reconoce haber tenido que huir de sus países debido a sus identidades, pero viven una situación de desigualdad en relación con el derecho de las personas en el Estado a poder cambiar su DNI sin más requisitos.

Otras relatan que han acudido al Registro Civil para ser informadas de que no pueden tramitarlo, basándose precisamente en un procedimiento general claro porque el Gobierno aún no ha desarrollado el reglamento.

Cabe destacar que la situación de falta de correspondencia registral afecta muy negativamente a las personas trans desde el punto de vista psicosocial porque tienen que hacer su vida diaria con un documento que no se corresponde con su identidad. También se generan problemas y dificultades en su vida laboral, en su historial sanitario, en sus trámites administrativos o con la policía, obligándoles a dar constantes explicaciones.

Así pues, es urgente que el ejecutivo inicie los trámites para dictar la norma reglamentaria que permita aplicar el artículo 50 de la Ley Trans en toda su extensión, para expedir documentos a las personas trans migrantes que ya incluyan la rectificación de género y cambio de nombre y terminar con una situación injusta que genera desigualdad.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Por qué razón no ha desarrollado aún el Gobierno el Reglamento previsto en el artículo 50.2 de la Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI, y garantizar así a las personas trans migrantes su derecho al cambio registral de su nombre y sexo?
2. ¿A qué se debe este retraso cuando había un año para «habilitar por vía reglamentaria» el procedimiento desde la aprobación de la ley en 2023?
3. ¿Es consciente de que, debido a la falta de desarrollo reglamentario, a pesar de lo incluido en el artículo 50 de la Ley Trans, se está incumpliendo el derecho de las personas trans migrantes a que se les expidan documentos que incluyan su nombre y sexo rectificados?
4. ¿Va a adoptar las medidas precisas para que se materialice cuanto antes el Reglamento y se garantice a las personas trans extranjeras el derecho a que sus documentos lleven el nombre y sexo que corresponda a su identidad?
5. ¿Sabe que esta situación afecta gravemente a las personas trans desde el punto de vista psicosocial, laboral, sanitario, administrativo e incluso policial?

Madrid, a 10 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
10 FEB. 2026 10:27:03
Entrada 98868

# Sobre o retraso no desenvolvemento regulamentario do artigo 50 da Lei Trans

| | |
|---|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 98937 10/02/2026 13:32

**Á MESA DO CONGRESO**

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita** relativas **á necesidade de desenvolver o procedemento previsto na Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, para facilitar o exercicio dos dereitos das persoas trans migrantes**.

O artigo 50 da Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI+, que regula a "Adecuación dos documentos expedidos a persoas estranxeiras", estabelece no punto 1 que "as persoas estranxeiras que acrediten a imposibilidade legal ou de feito de levar a efecto a rectificación rexistral relativa ao sexo, e no seu caso, ao nome no seu país de orixe, ...poderán interesar a rectificación da mención do sexo e o cambio do nome nos documentos que se lles expidan, ante a autoridade competente ..", e recolle nun punto 2, que "as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, terán de habilitar procedementos de adecuación dos documentos expedidos aos estranxeiros que se encontren en situación administrativa regular no estado español...".

Ademais, no punto 1 recóllese que a "autoridade competente instará ao Ministerio de Exteriores, á UE e Cooperación a que reúna a información dispoñíbel na representación exterior do Estado Español que corresponda sobre se no país de orixe existen impedimentos legais ou de feito para levar a cabo a citada rectificación no rexistro".

Porén, o Goberno aínda non desenvolveu ese procedemento previsto na Lei Trans  a pesar de que a lei, que foi aprobada en marzo de 2023, fixaba na

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
10 FEB. 2026 10:27:03
Entrada 98868

Disposición Final Décimo novena o prazo dun ano para o Executivo “habilitar por vía regulamentaria” o procedemento do artigo 50.2. Esta falta de desenvolvemento regulamentario do procedemento está a limitar e repercutir negativamente nas persoas trans migrantes.

Así, as distintas organizacións e colectivos en defensa dos dereitos das persoas trans levan tempo demandando ao Goberno que se garanta o dereito ao cambio rexistral de xénero ás persoas migrantes, mesmo á marxe da súa situación administrativa, pois unha grande parte das persoas trans migrantes encóntranse con múltiples problemas burocráticos e obstáculos pola falta dun procedementos claro.

Hai persoas vivindo no Estado español ás que se lles recoñece que tiveron que fuxir dos seus países polas súas identidades, mais están a vivir unha situación de desigualdade en relación ao dereito das persoas do Estado que poden cambiar o DNI sen máis requisitos.

Outras relatan que teñen acudido ao Rexistro Civil para ser informados de que non poden tramitalo, baseándose, precisamente, un procedemento xeral claro por non ter o Goberno desenvolvido aínda o regulamento.

Cabe destacar que a situación de falta de correspondencia rexistral afecta moi negativamente ás persoas trans dun punto de vista psico-social por ter que facer a súa vida diaria cun documento que non se corresponde coa súa identidade. Xerando tamén problemas e dificultades na súa vida laboral, no seu historial sanitario, nas súas tramitacións administrativas ou coa policía obrigándolles a dar constantes explicacións.

Así pois, é urxente que o executivo inicie os trámites para ditar a norma regulamentaria que permita aplicar o artigo 50 da Lei Trans en toda a súa extensión, para expedir os documentos ás persoas trans migrantes que inclúan xa a rectificación de sexo e cambio de nome e terminar cunha situación inxusta e que xera desigualdade.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

C.DIP 98937 10/02/2026 13:32

1. Por que razón non desenvolveu aínda o Goberno o Regulamento previsto no artigo 50.2 da Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI+, e garantir así ás persoas trans migrantes o seu dereito ao cambio rexistral de nome e de sexo?
2. A que se debe este retraso cando tiña un ano para “habilitar por vía regulamentaria” o procedemento desde a aprobación da lei en 2023?
3. É consciente de que, debido á falta de desenvolvemento regulamentario, a pesar do recollido no artigo 50 da Lei Trans, está a ser incumprido o dereito das persoas trans migrantes á expedición de documentos que recollan o nome e sexo rectificados?
4. Vai adoptar as medidas precisas para que se materialice canto antes o Regulamento e garantir ás persoas trans estranxeiras o dereito a que os seus documentos teñan o nome e o sexto que se corresponde coas súas identidades?
5. Sabe que esta situación afecta gravemente ás persoas trans desde un punto de vista psico-social, laboral, sanitario, administrativo e incluso policial?

Madrid, a 10 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**

10 FEB. 2026 10:27:03 Entrada: 98868